



Manifesto Internacional dos Sen Papeis (elaborado por ATRAIE)

1º de Maio: mobilización internacional pola regularización

O 1º de Maio é o día do traballador na maioría dos países do mundo, en honor á memoria dos traballadores que deron a vida por gañar a xornada laboral de 8 horas. Este día en todo o mundo haberá manifestacións reivindicando os dereitos da clase traballadora e dos pobos oprimidos. É un día de loita, de celebración, de orgullo. É o noso día, veñamos do país que veñamos, nazamos aquí ou na outra punta do planeta, enfrontámonos ás mesmas inxustizas. En Estados Unidos foron os sen papeis quen reivindicaron esta data retomando esta xornada de loita desde hai 6 anos. Hoxe, centos de miles de traballadores inmigrantes saíron ás rúas protestando os ataques racistas contra os inmigrantes materializados na proposta HR4437, aprobada pola Casa de Representantes do Congreso Nacional. O 1 de maio, os inmigrantes convocan a un día "sen inmigrantes" e a un boicot internacional de produtos americanos esixindo a regularización dos 12 millóns de sen papeis. O 1º de Maio non é día feriado en Estados Unidos e ao absterse de toda actividade neste día, os inmigrantes queren demostrar o seu rol esencial na economía deste país.

En Europa, os sen papeis estanse mobilizando polas mesmas razóns. En Bélxica, 10,000 persoas saíron ás rúas para esixir que se acaben as expulsións e pola regularización dos sen papeis, para dicir NON aos centros pechados e ás prisións para os nenos nados no "lugar equivocado". Hoxe, os sen papeis tomaron 6 igrexas e berran pola regularización cunha folga de fame. En España, un proceso de regularización limitado hai un ano atrás deixou a centos de miles de traballadores e traballadoras sen papeis e a moitos outros con grandes dificultades para renovar. Hai uns meses, milleiros de Sen Papeis percorreron as rúas de Madrid ao berro de: "*nativa ou estranxeira a mesma clase obreira". Nos Países Baixos, a poboación levantouse contra a morte de decenas de Sen Papeis queimados en gaiolas como ratas no incendio de Schiphol en outubro pasado. En Francia, miles de mozas árabes saíron ás rúas a protestar en contra da discriminación, e hoxe os Sen Papeis únense ás loitas das mozas e traballadores franceses contra o CPE.

PAPEIS PARA TODOS E SEN CONDICIÓN

É un sistema mundial baseado no afán desmesurado de diñeiro e na explotación sen concesións do planeta e da maioría dos seus habitantes, o que provocou o desprazamento de millóns de traballadores dos países máis pobres cara aos países ricos en busca de traballo e dun xeito de soste ás súas familias. Fronte ao fenómeno migratorio, os gobernos dos países de acollida arbitran leis cruéis que encadean e controlan aos inmigrantes. As distintas leis de estranxeiría e outras propostas de "axuste" de inmigrantes en todo o mundo, regulan ademais as condicións de traballo, as condicións de vida e residencia dos inmigrantes



someténdoos a unha dobre lexislación, creando cidadáns de segunda clase e favorecendo a nova escravitude. Son, polo tanto, leis xenófobas (odio ao estranxeiro). Así como Europa planifica "exportar os seus bordos" a Libia, Marrocos, etc. así tamén os Estados Unidos queren mover a súa fronteira ao sur de México e usar ao goberno Mexicano para parar o fluxo de inmigrantes no sur deste país. Esta é unha loita que se xeneraliza a todos os países ricos: Francia, Estados Unidos, Bélxica, Inglaterra, Suiza ...por iso é que as loitas dos inmigrantes nun país teñen un reflexo nos demais e deben empezar a coordinarse. Todos os inmigrantes que se atopan fisicamente nos países de acollida teñen o dereito a ter os documentos que lles permitan un traballo digno e o goce completo de dereitos e dignidade. O uso do "status migratorio" serve aos gobernos para manter unha masiva man de obra de reserva que non poida esixir unhas dignas condicións de traballo, e isto á súa vez permítelles rebaixar as condicións de traballo e de salarios de todos os traballadores.

NATIVOS ou ESTRANXEIROS, SOMOS TODOS TRABALLADORES

A división dos traballadores entre nativos ou estranxeiros, entre inmigrantes con papeis e sen papeis, aplícase para prexudicar e impedir a nosa unión. Isto permítelles a aplicación de leis como a Nova Reforma Laboral en Europa que ataca e reduce os nosos dereitos. Os primeiros que se verán afectados por estas reformas ao facilitar o despedimento son os inmigrantes. Por iso, todos os traballadores, con ou sen papeis, deben ser admitidos sen discriminación nas organizacións sindicais que defenden os dereitos de todos nós. Nativos ou estranxeiros, somos todos traballadores, significa o fin da división entre os traballadores, significa a unidade de acción contra o sistema que favorece a escravitude, ou racismo ...

Por iso este primeiro de maio saíremos de novo ás rúas a berrar: Dereitos, Dignidade, Respecto.. De aquí ou de fóra, a mesma clase obreira.

Chamamos a todos os traballadores con ou sen papeis, a unirse e a subscribir esta declaración internacional dos movementos de sen papeis.

- **Estados Unidos: Coalición Nacional por Dignidad y Residencia Permanente**
- **Bélgica: Unión De Sans Papiers(UDEP)**
- **España: Asociación de Trabajadores Inmigrantes en España (ATRAIE)**
- **Francia: Coordination Nationale des Sans Papiers (CNSP)**
- **Italia: Comitato Immigrati in Italia**